

— Obxectivos —

Respecto do alumnado:

- Favorecer no alumnado a construción dunha identidade non sexista e non violenta promovendo a adquisición de recursos persoais que fomenten as relacións igualitarias.
- Interiorizar valores como a tolerancia e o respecto na construción persoal do alumnado, como medida para previr actitudes sexistas que fomenten ou perpetúen a violencia de xénero.
- Educar a intelixencia emocional e social co fin de establecer relacións baseadas na empatía, o diálogo, a negociación, cooperación e resolución de conflitos dun xeito construtivo.
- Promover o desenvolvemento da capacidade de iniciativa e pensamento crítico.

Respecto do profesorado:

- Fomentar a participación do profesorado na coordinación, preparación, difusión e execución da actividade.
- Fomentar a participación da comunidade educativa no programa.
- Xerar conciencia crítica respecto á relación entre sexismo e a violencia de xénero.

Respecto das familias:

- Implicar no programa ás familias dun xeito activo e sensible á temática coeducativa
- Reforzar á familia como modelo de conduta e facilitadores de ambientes respectuosos.
- Presentar a importancia do seu papel na adquisición de competencias sociais e emocionais e na integración de valores positivos.